

POLÍTICA CORPORATIVA SOBRE CONFLICTOS DE INTERESE

POLÍTICA CORPORATIVA SOBRE CONFLICTOS DE INTERESE

O Grupo Euskaltel é o Grupo Empresarial composto por aquelas sociedades que, no sentido da Lei, forman parte dun Grupo mercantil cuxa entidade dominante é Euskaltel S.A. As referencias que, nesta política, se fagan ao Grupo Euskaltel ou a Euskaltel deben entenderse de aplicación a todas e cada unha das sociedades individuais que o compoñen.

Este documento, que forma parte do Sistema de Goberno Corporativo do Grupo Euskaltel, desenvolve o Código Ético do Grupo no referente ás posibles situacións de conflito de interese que poidan afectar tanto aos membros do Consello de Administración de Euskaltel (os Conselleiros), como ás persoas que desenvolven a súa actividade profesional no Grupo Euskaltel (os Profesionais).

O obxectivo desta política é establecer os principios básicos que deben regular a actuación dos Conselleiros e os Profesionais do Grupo Euskaltel ante unha eventual situación de conflito de interese, en sentido amplo, sen pretender establecer unha relación pormenorizada de todas as posibles situacións deste tipo. No caso de dúbida sobre esta política, ou dunha eventual situación de conflito de interese, os Conselleiros deben dirixirse á Comisión de Nomeamentos e Retribucións ou ao Consello de Administración e os Profesionais deben dirixirse ao Responsable de Cumprimento Normativo ou á Canle Ética do Grupo.

Definición de situación de conflito de interese

O Código Ético do Grupo Euskaltel establece a prioridade do interese do Grupo Euskaltel sobre intereses persoais. A independencia respecto de intereses alleos ao Grupo é unha esixencia básica para o axeitado cumprimento das responsabilidades e funcións dos Conselleiros e dos Profesionais, que deberán dar prioridade aos intereses do Grupo Euskaltel fronte a intereses persoais ou de terceiros que puidesen influír nas súas decisións.

Neste sentido, considérase que se produce unha situación de conflito de interese cando poida entrar en colisión, de maneira directa ou indirecta, o interese persoal do Conselleiro ou do Profesional co interese do Grupo Euskaltel.

O interese persoal do Conselleiro ou do Profesional refírese a intereses que lle afectan ben a el persoalmente, ben a unha persoa física vinculada a el, ou ben a unha persoa xurídica na que exerza un cargo de representación, dirección ou teña calquera responsabilidade, remunerada ou non.

Atoparse nunha situación de conflito de interese non require que se actuase ou estea a actuar nun sentido ou noutro respecto dos intereses en conflito, senón que se refire a unha situación na que, polo feito de producirse, poderían concorrer, nas persoas involucradas, intereses distintos aos do Grupo. O conflito de interese prodúcese, por tanto, á marxe de cal sexa a decisión ou a actuación final na que concorre o conflito, sexa esta en favor dos intereses do Grupo ou non.

POLÍTICA CORPORATIVA SOBRE CONFLICTOS DE INTERESE

Doutra banda, adoptar unha decisión profesional ou realizar unha acción contraria aos intereses do Grupo (nunha situación de conflito de interese, ou non) sería, en todo caso, unha decisión ou acción contraria ao Código Ético, con efectos concretos, mesmo penais, en función da súa natureza.

As persoas vinculadas a un Conselleiro e/ou a un profesional ás que se refire a definición de situación de conflito de interese son as seguintes:

- O seu cónxuxe ou as persoas con análoga relación de afectividade.
- Os seus ascendentes, descendentes e irmáns seus ou do seu cónxuxe.
- Os cónxuxes dos seus ascendentes, descendentes e irmáns.
- As sociedades nas que, ben en por si ou ben por persoa interposta, se atopen nalgunha das situacións contempladas no apartado primeiro do artigo 42 do Código de Comercio.
- As entidades nas que exerza un cargo de administración ou dirección ou das que perciba emolumentos por calquera causa e de calquera tipo.

Nos casos nos que as persoas que poidan atoparse nunha situación de conflito de interese estean a representar a persoas xurídicas, consideraranse como vinculadas, adicionalmente ás anteriores, as seguintes:

- Os socios que se atopen, respecto da persoa xurídica, nalgunha das situacións contempladas no apartado primeiro do artigo 42 do Código de Comercio.
- Os administradores, de dereito ou de feito, os liquidadores, e os apoderados con poderes xerais da persoa xurídica representada.
- As sociedades que formen parte do mesmo grupo que a persoa xurídica e os seus socios.

Tipos de situacións de conflito de interese

Existen múltiples situacións de conflito de interese, non excluíntes entre si. En calquera caso, naqueles supostos nos que as situacións de conflito de interese sexan, ou poida esperarse razoablemente que sexan, de tal natureza que constitúan unha situación de conflito estrutural e permanente, entenderase que o Conselleiro ou o Profesional carecen da idoneidade requirida para o exercicio do seu cargo.

Tanto os Conselleiros como os Profesionais do Grupo Euskaltel teñen o deber de evitar situacións de conflito de interese e comunicalas en canto se coñezan para a súa avaliación en detalle. Non obstante esta avaliación, en especial, as seguintes situacións de conflito de interese quedan expresamente prohibidas, xa se realicen por conta propia ou por conta de persoa vinculada:

- Realizar transaccións co Grupo (agás que sexan operacións ordinarias, feitas en condicións estándar para os clientes e de escasa relevancia).
- Utilizar o nome do Grupo ou invocar o cargo que se desempeña nel para a realización de operacións privadas.

POLÍTICA CORPORATIVA SOBRE CONFLICTOS DE INTERESE

- Utilizar activos do Grupo, incluída a información confidencial, os servizos contratados a terceiros e os servizos dos seus profesionais para a realización de operacións privadas.
- Aproveitarse das oportunidades de negocio do Grupo.
- Obter, de terceiros distintos do Grupo, vantaxes ou remuneracións de calquera tipo asociadas ao desempeño das súas responsabilidades.
- Desenvolver actividades por conta propia ou allea que supoñan unha competencia efectiva, actual ou potencial, co Grupo.
- Prestar servizos como consultor, conselleiro, directivo, empregado ou asesor a outra entidade competidora do Grupo.
- Negociar ou formalizar contratos en nome do Grupo con persoas vinculadas.
- Manter relacións comerciais ou de administración e xestión cun provedor do Grupo.
- Exercer supervisión, revisión ou influír na contratación ou avaliación do desempeño dunha persoa vinculada.

Outras situacións de conflito de interese son as resultantes de aplicar a lexislación vixente ou a normativa interna, por exemplo, as recollidas no Regulamento Interno de Conduta nos Mercados de Valores, ou en acordos específicos con terceiros, onde poden definirse outras condicións máis concretas. Nestes casos atenderase ao disposto nos respectivos Regulamentos ou Acordos específicos.

Principios Xerais de Actuación

Os Conselleiros e os Profesionais do Grupo Euskaltel deben evitar calquera situación de conflito de interese. En todo caso, os Conselleiros e os Profesionais do Grupo observarán os seguintes principios xerais de actuación ante situacións susceptibles de considerarse conflito de interese:

Independencia

Os Conselleiros e Profesionais do Grupo actuarán, en todo momento, con profesionalidade, con lealdade ao Grupo e aos seus accionistas e con independencia dos seus intereses propios ou de terceiros, absténdose, en todo caso, de primar os seus propios intereses aos do Grupo.

Abstención

Os Conselleiros e Profesionais do Grupo absteranse de participar na deliberación e votación de acordos ou decisións nas que eles, ou persoas e entidades vinculadas a eles, teñan un conflito de interese, directo ou indirecto, agás, só para o caso dos Conselleiros, os acordos ou decisións que lles afecten na súa condición de administradores do Grupo.

O deber de abstención inclúe, de maneira específica, o acceso a información confidencial que afecte o conflito de interese e a emisión de instrucións a persoas con dependencia xerárquica de calquera tipo cara aos Profesionais do Grupo.

POLÍTICA CORPORATIVA SOBRE CONFLICTOS DE INTERESE

Comunicación e Transparencia

Os Conselleiros e Profesionais do Grupo comunicarán de maneira transparente e canto antes calquera potencial situación de conflito de interese de acordo cos principios particulares de actuación.

Informarase aos accionistas das situacións de conflito de interese nas que puidesen atoparse os Conselleiros do Grupo por medio da memoria das Contas Anuais do exercicio.

Confidencialidade

As cuestións relativas a posibles situacións de conflito de interese comunicadas polas partes interesadas trataranse con confidencialidade e respecto cara á intimidade das persoas, e levarase un rexistro de tales situacións que cumprirá con estas características.

Principios Particulares de Actuación

En materia de conflito de interese, os Conselleiros do Grupo rexeranse polo disposto no Regulamento do Consello de Administración e das Comisións delegadas ás que pertenzan, se é o caso. Calquera aclaración ou cuestión relacionada cunha eventual situación de conflito de interese dun Conselleiro do Grupo é competencia da Comisión de Nomeamentos e Retribucións.

En canto aos Profesionais do Grupo, será Cumprimento Normativo quen establecerá os procedementos e desenvolverá esta política dentro do Grupo, no exercicio das súas funcións, dentro do marco xeral do Código Ético do Grupo.

Unha situación de conflito de interese non comunicada é contraria ao Código Ético, polo que, no caso de que se teña coñecemento dalgunha situación destas características, debe dirixirse ao Responsable de Cumprimento Normativo (Compliance Officer) ou á Canle Ética.

* * * * *